

Xosé Manuel Martínez Oca: “Eu andaba, e andei, sempre ó meu aire.”

Carlos Loureiro Rodríguez 8 de setembro de 2015

<https://www.noticieirogalego.com/jose-manuel-martinez-oca-eu-andaba-e-andei-sempre-o-meu-aire/>

Xosé Manuel Martínez Oca (A Estrada, 1942). Un dos máis salientábeis narradores contemporáneos en galego. A súa produción literaria comezou alá polos anos setenta con obras como *Un ano e un día // A fuxida // Náufragos en terra...* e así até unha vintena de obras narrativas. No ano 1983 a súa obra *Beiramar* gañou o “Premio Blanco Amor” -do que xa fora finalista dous anos antes con *A chamada escura dos caborcos-*. A súa última obra publicada foi *O vicio nefando*. Tamén realizou traducións de obras estranxeiras ao noso idioma (*Paulo e Virxinia...*), así coma obras de literatura infantil e xuvenil (*Roi e os seus amigos...*) ou ensaios (*Dos camiños de arrieiros ós pazos da Ulla: Terras de Montes e Tabeirós*).

Un escritor xa dende novo leva dentro algo que o leva a narrar, facer versos... Cando xermolou en Martínez Oca a arte literaria?

Creo que desde ben neno. Recordo que debía ter uns nove anos cando, con moito traballíño, escribín a miña primeira “poesía”. Por aquel tempo, en colaboración con Pepe Vilas, un meu amigo da Estrada, escribíamos e debuxamos historietas gráficas no papel de estraza con que na tenda de “ultramarcos” nos envolvían o azucre e a fariña. Así, sobre pouco máis ou menos, foi empezando a cousa.

Aínda que supoñemos que ter na familia alguén significativo neste campo tamén axudaría, non? Que pegadas deixou en Martínez Oca aquel indomábel Manuel García Barros a nivel persoal e literario?

O recordo máis antigo que teño de Ken Keirades é o de cando os días de feira viña á casa da miña avoa, súa irmá, co seu traxe escuro, a perruca e o sombreiro. Logo, polas festas da Santa Margarita de Calobre ía á súa casa e alí levábame a ver a súa pequena biblioteca, para min enorme. Os primeiros libros que me emprestou foron a *Escolma da poesía galega*, de Álvarez Blázquez, publicada por Galaxia en catro tomos. Tamén lembro *Antífona da cantiga* e *Samos*, de Cabanillas, ou *Galicia no espello* de Fernández del Riego. E máis adiante *Os camiños da vida* de Otero Pedrayo, *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao e outras obras de Cunqueiro, Daniel Cortezón, Franco Grande, etc. Pero tal vez o máis importante para me familiarizar coa

escrita do noso idioma foi cando empecei a lle axudar a meu pai a pasar a máquina os seus textos manuscritos, dos que faciamos copias e máis copias, único medio entón dispoñible para lles dar a coñecer ós amigos as cousas que el escribía.

O nome de Martínez Oca comezou a soar nos eidos da narración curta... foi esta unha circunstancia literaria ou máis ben un banzo previo á túa pasaxe a novela longa?

Nunca me propuxen a escritura de contos como unha aprendizaxe de cara a abordar a novela longa. Pasa que a novela require unha dedicación que moitas veces non lle podía dar. De calquera xeito, cando se publicaron aqueles contos xa había anos que escribira unha novela e un par de pezas teatrais. Tanto unha como as outras remataron na papeleira, como é doado de supoñer. Curiosamente debo dicir que o meu primeiro premio gañáralo doce anos antes, en 1964, cun relato en castelán nas “Justas Literarias” do Ateneo de Sidi Ifni, o que me valeu para iniciar unhas colaboracións no semanario “A.O.E.” (África Occidental Española).

E nesta narración curta o “Concurso de narracións Modesto R. Figueiredo” será onde Martínez Oca pasa a ser un referente xa que pasas a ser recoñecido dende a 1ª edición alá no 1975 ao carón de plumas ilustres da nosa literatura contemporánea...

Máis que pola publicación en si, aqueles traballos producíronme unha gran satisfacción ó me proporcionar a oportunidade de coñecer outros escritores, falar con eles, tratalos... Así iniciéi a amizade con Nacho Taibo, Carlos Durán, Manolo Riveiro... Ata entón eu podería dicir que era un tirador solitario.

E coetaneamente tamén comezas coa narrativa longa... e coidamos que coa obra *Un ano e un día*... que terá que agardar uns anos en ver a luz... Como xurdiu esta túa primeira experiencia de novela longa? Que ten o protagonista desta obra no seu flash back do autor?

Un ano e un día non ten nada de particular, é unha típica e tópica novela de aprendizaxe, coma tantas. Nela hai, naturalmente, moitas cousas de min, pero eu non son o protagonista. Tamén as hai doutra xente e, por certo, un amigo a quen levaba moitos anos sen ver, cando leu a novela sentiuse moi ofendido ó ver relatado un feito anecdótico do cal el fora protagonista na realidade. Por máis que lle expliquei que, fóra daquel pequeno feito, a personaxe non tiña nada que ver con el, non quixo crerme e levou o seu cabuxo ata o extremo de deixar de se considerar amigo meu. Unha das maiores satisfaccións que, a cambio, me produciu esa novela foi cando Méndez Ferrín me dixo recoñecer nela perfectamente o Ourense da nosa adolescencia.

E xa temos primeiro éxito editorial con *A fuxida*... unha obra que xusto vai aparecer naqueles intres normalizadores onde o galego pasa a figurar no ensino e, claro, os lectores van aumentar...

Aínda que publicada no mesmo ano, 1980, *A fuxida* foi escrita uns anos antes, a raíz dunha pequena estancia en Suíza en 1974. *A fuxida* marcou o inicio do meu trato con Xulián Maure, gran persoa, o mellor editor que tiven na miña vida e a quen nunca lle agradecerei bastante o terme vido visitar daquela para ofrecermos a posibilidade de publicar na recén creada “Edicións Xerais”.

Aqueles narradores que empezastes a vosa andaina literaria nos finais dos setenta e comezos dos oitenta supoñemos que erades perfectamente conscientes de que constituíades os continuadores daquela excepcional narrativa de fins da ditadura como era a “Nova narrativa galega”... Impuña este feito ou máis ben era un auténtico reto?

Nunca me marquei como un reto o tratar de superar a ninguén, nin na escrita, nin en ningunha outra cousa. ¿Continuador da “Nova narrativa galega”? Non, o meu camiño non me parecía seguir por aí. Eu andaba, e andei, sempre ó meu aire.

E axiña unha obra cun recoñecemento importante: *A chamada escura dos caborcos...* novela finalista do “Premio Blanco Amor”, un premio que tamén comezaba a súa andaina...

Como no caso dos premios “Modesto R. Figueirido”, o que máis satisfacción me produciu naquel tempo foi iniciar unha relación con xente a quen eu lera e a quen admiraba, Méndez Ferrín, Daniel Cortezón, Fernández Ferreiro...

E un par de anos despois o éxito coa obra *Beiramar* (Premio Blanco Amor), unha novela digamos que abondo comprometida cunha realidade conflitiva da época, a reconversión industrial... E xa achamos o compromiso do escritor, ou non?

Non teño moi claro eso do compromiso. O meu compromiso era coa lingua galega e aí atopábame co problema de que aquela xente a quen quería chegar era analfabeta no seu idioma propio. Por esa razón escollera anteriormente o camiño do teatro, por parecerme case o único medio de chegar ós destinatarios que eu buscaba. Fun finalista do “Premio Abrente” de Ribadavia en dúas ocasións, pero cando vin posta en escena a miña obra *O cazador de perdices* levei tal decepción que renunciei a continuar por aquel lado. Decididamente o teatro non era o meu.

Seres finalista de semellante premio e posteriormente gañador, que significou para Martínez Oca? Dicimos isto porque moitas das veces un premio conleva certo medo, ou respecto, para seguir escribindo...

Creo que en parte esto queda máis ou menos contestado anteriormente. No referente ó medo a seguir escribindo, é algo que me sucede cada vez que remato unha novela. Entón síntome incapaz de iniciar outra nova aventura, paréceme ter quedado baleiro. Ata que co paso do tempo todo vai volvendo ó seu, recupero pouco e pouco as ganas de me enredar de novo noutra historia e ¡volta a empezar!

De veras que algunha vez te sentiches un deus creando coa túa pluma mundos, personaxes, realidades... porque coidamos que as realidades creadas ou existentes tamén tiveron que ver nas túas obras, ou non?

Non acabo de entender ben a pregunta, pero en canto á primeira parte da interrogación paréceme que esas eran palabras do protagonista dunha das miñas novelas. ¿Que eu me sinta un deus creando personaxes, mundos, etc.? Eso xa é un tanto esaxerado, a frase pertence ó mundo da ficción.

Ti mesmo dixeches que para ti escribir era diversión, evasión... Até que punto un autor pode ser alleo a si mesmo, ao seu pensamento, á realidade que o circunda...?

O de escribir como medio de diversión e evasión é un tanto relativo. Hai ocasións en que o pode ser e outras en que non. Alleo a un mesmo paréceme máis ben difícil, alleo á realidade que un ve decote arredor seu xa é máis posible, algunhas veces ata me parece necesario.

A arte literaria dende logo que é universal, o que varía son as temáticas, as realidades... por que daquela os críticos andan a voltas con comparacións, coa procura de influencias...?

As influencias danse sempre en maior ou menor medida en todo escritor. A min sempre me gusta lembrar unhas palabras que lle oín a Augusto Abelaira nas que pouco máis ou menos dicía: “Despois de que aquel poeta caldeo de hai catro ou cinco mil anos usando un punzón e un ladrillo escribiu: ‘hoxe, ó abrir a fiestra e ollar o mundo arredor de min, sentínme triste’, aí xa se atopa contida toda a literatura posterior, a partir de aí todo é plaxio”.

Ah, e o de “plaxiador” vén a ser unha arroutada túa polo anterior ou un xogo literario máis?

As palabras de Augusto Abelaira son, naturalmente, unha esaxeración, pero xa non o é tanto o sentido que lle quería dar. Georges Polti reduciu a trinteseis os posibles argumentos narrativos, algo que tamén pode ter os seus puntos discutibles, pero de aceptar en boa medida os seus argumentos, vendo a cantidade de libros escritos e que se seguen escribindo cada ano, ¿como non imos ser plaxiadores todos os escritores do mundo?

Todos sabemos que esta sociedade marcha demasiado de présa, pero non cres que o pecado máis grande que aporta esta velocidade é o esquecemento? E estou a me referir a que aquelas escritoras e aqueles escritores que creastes os alicerces da nosa literatura do XXI moitas das veces non se vos valora na xusta medida...

O de valorar a un escritor na xusta medida é algo moi relativo. En atletismo se saltas dous centímetros máis alto que ninguén, ou corres os cen metros máis rápido que ningún outro, hai elementos obxectivos para xulgar que podes ser o mellor. ¿Pero onde están os cronómetros e as cintas métricas para medir a calidade dun texto literario? Aquí xa entran en xogo outras moitas cuestións e non deixa de ser significativo que autores que nun determinado momento gozaron da estimación dos lectores e da crítica, pasan a ser esquecidos tempo despois. Ou ó contrario, autores non valorados no seu tempo son estimados como figuras relevantes co paso dos anos. É dicir, hai moitas circunstancias alleas ó propio valor do proceso creativo que inflúen nun sentido ou noutro á hora de xulgar a un escritor, e quen di un escritor, pode dicir un escultor, un pintor ou un músico. En canto á présa con que marcha a sociedade e o esquecemento que se produce, lembro unha frase que non sei onde a vin: “moda é o que pasa de moda”. E alargándoo máis, voume permitir citar un parágrafo de Raymond Chandler: “Non se quere a calidade porque dura demasiado. De xeito que se substitúe pola moda, que non é máis que unha estafa comercial destinada a facer que as cousas caian en desuso. A produción en masa non podería vender as súas mercaderías o ano próximo a menos de facer que o que venden este ano pareza anticuado de aquí a un ano”. E perdón pola extensión da cita, pero paréceme ilustrativa para o caso.

E o grave moitas das veces xa non é o esquecemento senón que incluso certo ninguneo, non?

Se me preocupase o “ninguneo” iría aviado. Pero hai máis vida fóra da literatura e desde esa outra vida podes facer unha valoración adecuada do “ninguneador”. ¿Que iso non te leva a ningunha parte? Tampouco o sentirse menosprezado te levaría.

E ao mellor a túa última novela publicada (*O vicio nefando*) non deixa de ser un berro perante esta circunstancia...

Eu non o entendería como un berro. Pola contra, foi unha diversión e mesmo agradecín que houbera quen me dese tema risible para escribir.

O que é a vida dun escritor... comezas escribindo “como unha diversión, un modo de disfrutar co exercicio da escrita...”, como tes dito, e terminas escribindo “porque estás fodido, para que

despois, polo que escribiches, te fodan os editores, os críticos, ou o público” ... e incluso dicindo que “Ó penetrar no inferno literario, vai vostede coñecer os seus artificios e o seu veneno”...

A primeira destas citas é do protagonista de *O vicio nefando*, non miña, eu só son o autor da novela. E a segunda tampouco se me pode atribuír, é de Cioran.

Tes traducido ao noso idioma obras estranxeiras... non cres que esa aínda é unha asignatura moi pendente para a nosa literatura coa fin de se universalizar?

O das miñas traducións foi algo moi circunstancial. *Paulo e Virxinia* gustárame moito cando a lin de rapaz e logo decateime que boa parte do goce que me produciu foi debido ás ilustracións de Maurice Leloir, por certo non utilizadas na edición galega. *Maigret na escola*, entre que me parecía desenvolvida nun ambiente moi galego, que me gusta Simenon e que me deran unha bolsa para a tradución, así foi. Aínda teño feitas algunhas traducións máis, entre elas a dunha novela de Restif de la Bretonne que me semella non estar traducida tampouco ó castelán, pero o tema pornográfico hoxe non me parece atractivo. En resumo de contas, traducir é un bo exercicio para mellorar a túa propia escrita, non só para universalizar a nosa literatura.

A fins do século pasado inmiscícheste na literatura infantil e xuvenil... por que non continuaches por este apartado, máxime agora que goza dunha moi importante saúde?

Nesa época formaba parte dun equipo na redacción de libros de texto para o ensino do galego ós nenos e aquilo animoume a escribir algo, pero non me chamaba moito. Estou de acordo con Breogán Riveiro, excelente escritor e director de cine, bo amigo meu e gran persoa como o foi seu pai (e non digo isto en correspondencia ás súas inmerecidas louvanzas), quen nunha recente entrevista opinaba que para un bo lector non debe haber diferencias entre nenos e adultos á hora de coller un libro con tal de que este sexa bo. Por outra parte é ben certo que en literatura infantil e xuvenil contamos en Galicia cunha excelente nómina de autores ó lado dos cales eu non faría un papel moi lucido.